

**AXENCIA TURISMO DE GALICIA**  
**Contas Anuais**  
**Correspondentes ao exercicio anual rematado**  
**O 31 de decembro de 2017**

## INFORME DE AUDITORÍA PÚBLICA DE CONTAS DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA CORRESPONDENTES A 2017

Ao Consello Reitor da AXENCIA TURISMO DE GALICIA:

### I. **Introdución**

Ernst & Young auditou, dacordo coas Normas de Auditoría do Sector Público, as contas anuais da AXENCIA TURISMO DE GALICIA, que comprenden o balance a 31 de decembro de 2017, a conta de resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data.

Esta auditoría foi realizada no marco do previsto no Capítulo I do título V do Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, que establece a Intervención Xeral exercerá o control interno da actividade económico financeira da Comunidade, dos seus organismos autónomos e entes públicos e das sociedades públicas.

A Directora da AXENCIA TURISMO DE GALICIA é responsable da formulación das contas anuais da Entidade dacordo co marco de información financeira que se detalla na nota 1 e 4 da memoria adxunta e, en particular dacordo cos principios e criterios contables e orzamentarios, así mesmo, é responsable do control interno que considere necesario para permitir que a preparación das citadas contas anuais estea libre de incorrección material.

As contas anuais ás que se refire o presente informe foron formuladas pola Directora da AXENCIA TURISMO DE GALICIA o 21 de xuño de 2018.

### II. **Obxectivo e alcance do traballo: Responsabilidade dos auditores**

A nosa responsabilidade é emitir una opinión sobre si as contas anuais adxuntas expresan a imaxe fiel, baseada no traballo realizado dacordo coas Normas de Auditoría do Sector Público. As devanditas normas esixen que planifiquemos e executemos a auditoría co fin de obter una seguridade razoable, aínda que non absoluta, de que as contas anuais están libres de incorrección material.

Unha auditoría leva consigo a aplicación de procedementos para obter evidencia axeitada e suficiente sobre os importes e a información recollida nas contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais. Ao efectuar as devanditas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a preparación e presentación razoable por parte do xestor das contas anuais, co obxectivo de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar una opinión sobre a eficacia do control interno da entidade. Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación dos criterios contables e da razoabilidade das estimacións contables realizadas polo xestor, así como a avaliación da presentación global das contas anuais

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona una base suficiente e axeitada para emitir a nosa opinión de auditoría.

### III. Opinión

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da AXENCIA TURISMO DE GALICIA a 31 de decembro de 2017, así como dos seus resultados e do estado de liquidación do orzamento correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular cos principios e criterios contables e orzamentarios contidos neste.

ERNST & YOUNG, S.L.

22 de xuño de 2018

---

Alejandro Martínez Gómez